



Resolución do 2 de novembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de navegación e instalacións mariñas (590109).

Por unha Resolución do 2 de outubro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de navegación e instalacións mariñas (590109).

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e realizada a valoración dos méritos na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia na especialidade antes citada, de acordo co disposto na base sexta da citada convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional e facelas públicas no portal da Internet desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

**RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de navegación e instalacións mariñas (590109).

Segundo.- Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es) da relación provisional de persoas admitidas e excluídas e do baremo provisional indicados no apartado anterior.

Terceiro.- De acordo co disposto na base sexta da convocatoria acordada pola Resolución do 10 de outubro de 2018, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, mediante un escrito dirixido ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das



administracións públicas, no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no citado portal da Internet. As alegacións así formuladas deberán remitirse tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo [persoal.secundaria@edu.xunta.es](mailto:persoal.secundaria@edu.xunta.es).

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2018

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez